



secretaría da muller



www.septiembre28.org

DÍA MUNDIAL POLO ACCESO AO ABORTO LEGAL E SEGURO POLOS DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS



EDUCACIÓN SEXUAL PARA DECIDIR ANTICONCEPTIVOS PARA NON ABORTAR ABORTO LEGAL PARA NON MORRER

Un novo 28 de setembro, Día Mundial polo acceso ao aborto legal e seguro, declarado en 1990 pola Asemblea do Movemento Feminista Latinoamericano, CCOO solidarízase con todas as mulleres que, en distintos países do mundo, están loitando polos dereitos sexuais e reprodutivos, polo acceso ao aborto legal e seguro e polo dereito a decidir libremente a súa maternidade.

CCOO manifesta o seu compromiso coa loita pola despenalización e a legalización do aborto, pola defensa dos dereitos humanos e polo dereito á contracepción segura para evitar as miles de mulleres mortas por abortos clandestinos, primeira causa de mortalidade das mulleres en moitos países latinoamericanos e do Caribe, así como noutras partes do mundo, países de África e Asia.

Os dereitos sexuais e reprodutivos, entre eles a interrupción voluntaria do embarazo, son dereitos humanos internacionalmente recoñecidos por Nacións Unidas e o Consello de Europa, que instan os Estados membros a garantiren que a interrupción do embarazo sexa unha práctica accesible e segura.

A Declaración institucional da Conferencia do Cairo (1994), hai xa 24 anos, acordada por 179 países –entre eles España–, segue sen cumprir os seus obxectivos

fundamentais: «os países deben garantir o acceso á contracepción, a información sobre planificación familiar e o aborto seguro». Distintos informes do Fondo de Nacións Unidas para a Poboación e Desenvolvemento (UN-FPA) alertan das gravísimas consecuencias para 220 millóns de mulleres de todo o mundo que non poden acceder a métodos anticonceptivos seguros, e do alto número de mulleres que morren por procedementos abortivos clandestinos e perigosos.

O Convenio de Istambul (2011) recolle como delito todas as formas de violencia contra a muller: violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzoso, o acoso, a esterilización e o aborto forzados. Isto implica que os Estados deberán introducir estes delitos nos seus sistemas xurídicos.



28 de setembro

DÍA DE ACCIÓN GLOBAL POR UN ABORTO LEGAL E SEGURO

EDUCACIÓN SEXUAL PARA DECIDIR ANTICONCEPTIVOS PARA NON ABORTAR ABORTO LEGAL PARA NON MORRER

CCOO RECLAMA:

► Suprimir a **Lei orgánica 11/2015 para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo**, que presentou o Partido Popular e modificou a LO 2/2010 que estableceu como obrigatorio e sen excepción o permiso dos pais para que poidan abortar as mozas de entre 16 e 17 anos.

► Desenvolvemento da **Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo**, en relación coa posta en marcha das medidas necesarias para formación, educación e prevención en saúde sexual integral e reprodutiva, libre de estereotipos sexistas e lgtbfóbicos.

► Dotar orzamentariamente cos recursos necesarios os centros de planificación familiar; educación sexual e pleno acceso aos distintos métodos anticonceptivos; así como formación a persoal sanitario para a incorporación dos avances en técnicas e procedementos abortistas.

CCOO defende o dereito á maternidade e á paternidade de mulleres e homes sen parella e LGTBI para acceder aos sistemas de reprodución asistida da sanidade pública, con carácter gratuíto.

Os dereitos sexuais e reprodutivos son parte fundamental dos dereitos humanos, polo que os Estados deben garantir o dereito das mulleres á súa saúde sexual e reprodutiva e a decidir libre e responsablemente sobre a súa maternidade. O contrario supón a vulneración destes dereitos e un ataque frontal contra a liberdade, a dignidade e a integridade das mulleres.

CCOO solidarízase coa loita das mulleres polo dereito a decidir sobre a súa sexualidade e a súa maternidade.

Denunciamos a hipocrisía dos gobernos, como foi o recente rexeitamento do Senado á legalización do aborto na Arxentina, onde máis dun cento de mulleres morren ao ano por abortos clandestinos.

De igual modo, é inadmisíbel a actual situación de represión e persecución que están sufrindo as mulleres nicaraguanas pola forte penalización do aborto que aplica o seu Goberno, partidos conservadores e xerarquías da Igrexa.

CCOO apoia as actuacións deste 28 de setembro polo acceso ao aborto legal e seguro en todo o mundo, facendo un chamamento á participación nas distintas mobilizacións que convoquen o movemento feminista, as organizacións sociais e sindicais, accións de activismo e redes sociais.



secretaría da muller